

## **Convocatoria Extraordinaria de examen de árbitro de base e árbitro autonómico de xadrez 2024**

A Federación Galega de Xadrez, a través do seu Comité Técnico de Árbitros, convoca extraordinariamente un exame presencial para a obtención dos seguintes títulos:

- Arbitro Autonómico de Base
- Arbitro Autonómico

Cada xogador/a matriculad@ terá acceso á aula virtual onde atopará o seguinte temario:

### **Temario**

#### **Para acadar o título de árbitro de base**

- Do Handbook da FIDE, os seguintes apartados:
  - El. Leis do xadrez.
  - C05. Reglas de torneos FIDE (cos anexos).
- Gestión informatizada de torneos (Vega-Info64).

#### **Para acadar o título de árbitro autonómico**

- Do Handbook da FIDE, os seguintes apartados:
  - Reglamento de Títulos Internacionais da FIDE
  - Reglamento do Sistema de Valoración da FIDE
  - Reglas do Sistema Suizo da FIDE (reglas básicas y generales y holandés)
  - Leis do xadrez da FIDE
  - Regras para xogadores discapacitados da FIDE
  - C05. Reglas de torneos FIDE (cos anexos).
  - Desempates da FIDE
  - Xestión informatizada de torneos (Vega-Info64)
  - Circular en vigor da FEDA de redacción dun informe arbitral

## Matrícula

A plataforma estará operativa 24 horas.

Requerirse ser maior de 16 anos e estar federado na Federación Galega de Xadrez. A cuota do exame as personas que asistiron ao Curso do 2023 será de 30,00 € e ás personas que estén interesadas pero NON asistiron ao Curso do 2023 a cuota será de 100,00 €.

O prazo estará aberto ata o día 11 de Xullo de 2024 (incluído) no e-mail [fegaxa@fegaxa.org](mailto:fegaxa@fegaxa.org).

Serán necesarios un mínimo de 10 asistentes para a realización do exame e un máximo de 20 inscritos.

Ingreso na conta da Federación Galega “Banco Sabadell” **ES71 0081 2281 9100 0112 0013**, e deberase enviar xustificante de pago para confirma-la inscrición á Federación Galega de Xadrez vía e-mail ([fegaxa@fegaxa.org](mailto:fegaxa@fegaxa.org)).

### **Importante e imprescindible para a aula virtual:**

Nome, apelidos, teléfono e ter conta de correo electrónico para matricular ao alumnado.

## Exame e Horarios

21/09/2024 de 11:00 a 14:00 horas - Exame de Árbitro Autonómico de Base.

28/09/2024 de 10:30 a 14:00 horas - Exame de Árbitro Autonómico.

## Proba Escrita

Será un exame final con varias partes.

O lugar será na Casa do Deporte de Vigo (Pontevedra).

- 1<sup>a</sup> proba: Sobre as Leis do xadrez e Regras de torneo (C.05).

Esta proba poderá consistir en distintos tipos de probas: tipo test\* e/ou preguntas con respuestas más ou menos breves, a desenvolver polo aspirante.

**Para superar esta 1<sup>a</sup> proba haberá que obter un resultado do 50%**

- 2<sup>a</sup> proba: Sobre o resto do temario

B.01. Títulos.  
 B.02. Rating.  
 B.06. Títulos de Árbitros.  
 C.04 Reglas de suizo da FIDE (apartados C.04.1, C.04.2 e C.04.3.1).  
 E.02 Reglas para partidas con cegos e discapacitados visuais  
 Desempates da FIDE.

Esta proba poderá consistir en distintos tipos de probas: tipo test\* e/ou preguntas con respuestas más ou menos breves, a desenvolver polo aspirante.

**Para superar esta 2<sup>a</sup> proba haberá que obter un resultado do 50%**

- 3<sup>a</sup> proba: Unha proba a desenvolver, de resposta relativamente extensa.

Realización dun ou varios casos de emparellamentos manuais do suizo baseado en rating e/ou cálculos de normas de xogadores.

**Para superar esta 3<sup>a</sup> proba haberá que obter un resultado do 50%**

- 4<sup>a</sup> proba: Unha proba a desenvolver co ordenador. Para o cal os aspirantes deberán levar cadanseu portátil co programa de emparellamentos VEGA xa instalado (versión demo).

**Para superar esta 4<sup>a</sup> proba haberá que obter un resultado do 50%**

- As probas test, de habelas, consistirían nunha batería de N preguntas con catro alternativas cada unha, sendo somente unha a correcta. Para a

corrección do test empregarase a fórmular do azar: (Acertos - (Erros/3)) \* 10/N).

## Avaliación

Para a obtención do título de árbitro de base haberá que presentarse á primeira e cuarta proba e acadar o APTO en cada proba.

Para a obtención do título de árbitro autonómico haberá que presentarse a todas as probas e acadar o APTO en cada proba.

Para a obtención do título de árbitro autonómico, será necesario acreditar tres actuacións (normas) como árbitro principal ou auxiliar en tres torneos de partidas lentas valedeiro para elo FEDA ou FIDE. Ben sexan provinciais, fases finais de campeonatos galegos etc...

## Temario / Bibliografía

Todo o temario estará a disposición do alumnado na aula virtual do curso. Se alguén o prefire, o temario pódese descargar na web da FEDA, na seguinte ligazón

<https://feda.org/feda2k16/traduccionesreglamentofeda/>

accedendo aos apartados que cada un queira.

## Instalación do programa VEGA

Acceder ao link:

<https://info64.org/info/vega-orion/>

e descargar a versión que cada un queira, segundo o equipo informático que posúa.

The screenshot shows a web browser window with three tabs open: '(20) Correo :: Entrada', 'Download - Home Page', and 'Arbitros > FEDA'. The main content area displays the 'www.vegachess.com/t/index.php/downloaden.htm' page. At the top right, there are language links for 'Versione Italiana' (with an Italian flag) and 'English version' (with a British flag). Below these, a sidebar on the left lists navigation links: Home, Vegablitzz, FIDE swiss systems, Screencast, Download, Registration and contact, Credits, and About the author. The main content area features a heading 'Download the latest version' and a note that Vega has got the FIDE Interim Endorsement Certificates. It also states that since its first version, Vega has been thought for the FIDE arbiters. A note specifies that the current Windows version can be freely used for tournaments up to 30 players, while a greater tournament requires a license fee to support development cost. The Linux version is free of charge. A red note at the bottom of the sidebar states: 'Vega 32 bit version needs JAVA runtime 32 bit to work properly with pairing engine JaVaFo. Moreover JAVA should be at least version 7.' Below this, there is a grid of download links:

Linux	Vega+VegaTeam 32 bit Vega+VegaTeam 64 bit
Windows	Vega+VegaTeam 32 bit (Free up to 30 players) Vega+VegaTeam 64 bit (Free up to 30 players)
User Manual (PDF)	User Manual (English) User Manual (Italian) User Manual (Spanish) for FEDA Arbiters.
FIDE player database	FIDE

At the bottom of the page, a link 'Download Orion for team tournament' is provided, with a note that Orion is a new program to administer Team tournament.

**Importante:** No curso non se dedicará tempo á instalación do software. É un traballo que se terá que facer previamente cada un na súa casa. E para que funcione haberá que ter instalado o JAVA no computador de cada persona.

### Asegurarse que o programa se executa antes de chegar ao curso!

Habilitarase na aula virtual unha tarefa para a entrega dos documentos de cada alumno. Por precaución, e para evitar posibles errores de acceso á rede, cada alumno/a poderá traer un pendrive formateado, co seu nome e que o identifique claramente, para que no caso de ser necesario facer a entrega do exame no pendrive.

#### IMPORTANTE:

O exame da primeira proba e da cuarta proba serán o sábado 21 de setembro. O aprobado neste exame conleva a obtención do título de árbitro autonómico de base.

O exame da segunda proba e da terceira proba serán o sábado 28 de setembro. Poderanse presentar todos aqueles que xa acadaron o título de árbitro autonómico de base. O aprobado neste último exame conleva a obtención de título de árbitro autonómico en prácticas, debendo o candidato/a realizar tres prácticas más outros torneos valedieiros para ELO.